



Os **petróglicos** son símbolos gravados nas rochas polas persoas que viviron aquí durante a Prehistoria, hai milleiros de anos.



No **Monte Pedroso** hai un petróglifo formado por círculos concéntricos (uns dentro doutros) e unha figura en forma de “C”.



O petróglifo de **Correxíns**, en Figueiras, atópase sobre tres grandes lousas de granito e está formado por círculos concéntricos.



O **petróglifo de da Pedra que fala**, atópase en Vilar do Rei, na parroquia de San Xoan de Fecha e ten círculos e mais cruces.



No **Castriño de Conxo** hai un petróglifo onde podemos ver escudos, puñais e unha espada.



Os **castros**, coma o Castriño de Conxo, son poboados fortificados (rodeados de muros) onde vivían os nosos antepasados.



En Villestro hai un petróglifo, no lugar de **Tras Igrexa**, con moitos círculos concéntricos.



Cómpre **protexer os petróglicos** para que non desaparezan por causa dalgunhas obras e construción de estradas.